

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de decembro de 2022**

Ás 17.00 horas do día 15 de decembro de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE NOVIEMBRE DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 17 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA FORTALECERMOS A ATENCIÓN PRIMARIA E A ATENCIÓN DE URXENCIAS HOSPITALARIAS.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, dá lectura á moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que está de acordo nalgúns puntos da moción, xa que sufriu os problemas de urxencias, e indica que se debería facer un cribado no PAC de *Concejo*, no que non teñen medios, non se fan, por exemplo, radiografías o que axilizaría e evitaría colapsar as urxencias. Engade que onte o SERGAS publicou na prensa uns datos, tras superar o proceso de oposición da oferta de emprego público, incrementándose en 143 novos profesionais, 112 persoal facultativo de 32 especialidades diferentes, farmacia hospitalaria, psicoloxía clínica, 26 especialista 14 en Valdeorras e 12 en Verín, con especialista en oncoloxía, urxencias 13 prazas, pediatría 9, anestesia e reanimación 9, xinecoloxía 7, dixestivo 7, cirurxía xeral e do aparato dixestivo 6 e radiodiagnóstico 6. Tamén incorpóranse especialistas moi esperados en diversos hospitais. Engade que hai moito que mellorar e reforzar na sanidade pública. Ve certa descoordinación nos cribados á hora de evitar saturación nas urxencias, ocorre en todos lados. Ás veces é imprevisible a cantidade de persoas que acoden a urxencias. Fai reserva de voto ata o día do Pleno, xa que considera que hai moito que mellorar, pero ve que se están levando a cabo cousas por parte da Consellería e da Xunta de Galicia, onte se incorporaron 143 profesionais para a nosa provincia.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que se alegra que estean aumentado o número de especialistas, pero a moción do BNG céntrase na atención primaria. Hai saturación en urxencias porque nos saltamos o primeiro paso, e a persoa que se atopa mal non ten posibilidades de acudir ao seu centro de saúde, non se dan citas de forma inmediata, non se fan as probas que se requiren e non se fai prevención, e o máis fácil é acudir a urxencias e que se saturan. Hai que fortalecer a atención primaria e témola que coidar, xa que todos acudimos e se temos unha boa atención, evitamos ir a urxencias. Engade que lle gusta a moción e xa levaron este tema ao Pleno hai un ano. Fai reserva de voto co fin de facer achegas.

A Sra. **presidenta** di que fan reserva de voto para o Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, agradece o ton construtivo. Alégrase de que teñamos máis profesionais con praza xa que favorece a estabilidade. Pero hai datos preocupantes como que dos 89 MIR que este ano fixeron a especialidade nin a metade quedan no sistema. Temos un problema, xa que a Xunta está a xustificar que falta a apertura de prazas MIR pero das que hai máis da metade vanse, o que hai é un problema de xestión. O máis preocupante é o factor social e humano, pero tamén económico. Sinala que ten traballadores que levan meses agardando por unha cita de traumatólogo, e iso ten un custo económico, xa que non están traballando agardando a cita para unha posterior intervención. Ese custo é superior a adoptar solucións pola sanidade, e cousas que poden ser pequenas logo se incrementan, e o custo da intervención é moi superior, acompañado do sufrimento do paciente e a súa familia. Por iso demanda isto ao PP que é o que está no goberno da Xunta de Galicia. Entende que a atención inmediata para todos non é asumible pero de aí ao que estamos a ter a día de hoxe hai un paso importante, e trátase de poñerlle as pilas a quen está á fronte no goberno. Hai cousas que lle chaman a atención como as “pantallitas” que puxeron no centro de saúde de Allariz, no que hai a porta e tres bancos, e a xente maior non saberán onde ir. Ás veces gastamos os cartos niso e non temos biombos para a atención nas urxencias. Non o entende. Iso é o que trata de defender nesta moción, e haberá discrepancias. Pediu cita para o seu médico de referencia e non lle deron cita ata o xoves da próxima semana. A semana pasada non había nin unha cama en UCI en Ourense. Temos que coidar a sanidade porque é cousa de todos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a aumentar o orzamento destinado á atención primaria ata chegar ao 25%. No inmediato aumentar o 2,2% (máis de 200 millóns de €) para chegar á media do Estado.

2º.- Instar á Xunta a incrementar a estabilidade dos cadros de persoal para que teñan tempo para atender pacientes, tanto na atención primaria como nas urxencias. Rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais co fin de garantir calidade asistencial, e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

3º.- Instar á Xunta a pór en marcha un plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

4º.- Instar á Xunta á incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas.... con profesionais, que si están ao dispor no mercado laboral, para poderen ser contratad@s.

5º.- Solicitalle ao Sergas que doten aos servizos de saúde dos medios materiais imprescindibles para salvagardar a dignidade d@s pacientes, en calquera caso isto é tan importante para os pacientes e as súas familias como a propia calidade da atención médica.

6º.- Instar ao Goberno de España a incrementar as prazas no MIR e o EIR, para conseguir un número de novos profesionais con formación en medicina e enfermía, homologable á importante cantidade que están a xubilarse e @s que o farán proximamente.

7º.- Instar ao pleno provincial da Deputación de Ourense a apoiar publicamente e animar á veciñanza a asinar ILP da plataforma SOS sanidade pública en favor de fortalecer a atención primaria.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que na comisión anterior, na que a Presidenta non estaba, fixeron unha pregunta xa que querían coñecer a programación do 25 N, e outra pregunta para saber que se vai facer tras quedar deserta a elección da modelo para turismo termal, e desexaba saber que se vai facer.

A Sra. presidenta responde que respecto á programación do 25 N, todos a viron. Non houbo un acto central, suspendeuse por mor do mal tempo e non se puido facer a actuación musical e performance previstas no parque de Cachamuiña. Seguiuse co resto de actos que houbo que movelos de días, algúns se tiveron que aprazar, como as visitas dos colexios da provincia, Sagrado Corazón de Celanova, Rosalía de Xinzo e Ben Cho Sei de Pereiro de Aguiar. Respecto á pregunta do concurso que quedou deserto non lle pode contestar nesta comisión porque é algo do INORDE, quizás na comisión de Termalismo.

E, ás 17.23 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.